

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



AULA GAIÁS

VISITAS DIDÁCTICAS Á EXPOSICIÓN 'AUGA DOCE'

25 de marzo – 12 de setembro

De martes a xoves.

11:00, 12:30, 16:00 e 17:30 h.

Museo Centro Gaiás

Gaiás-Cidade da Cultura

COA COLABORACIÓN DE:



Obra Social "la Caixa"



AULA GAIÁS:

Visitas didácticas á exposición 'Auga Doce'

25 mar – 12 set

De martes a xoves. 11:00, 12:30, 16:00 e 17:30 h.

Museo Centro Gaiás
Gaiás-Cidade da Cultura


Aula Gaiás convida a aproximarse á arte, á ciencia e á ecoloxía dunha forma lúdica e pedagóxica a través das **Visitas didácticas á exposición Auga Doce.**

Da man dunha mostra multidisciplinar con obras procedentes de museos e institucións de recoñecido prestixio como o MoMa, o Victoria and Albert, o Museo D'Orsay ou o Reina Sofía; a comunidade escolar poderá traballar contidos ambientais como o cambio climático ou a explotación dos recursos naturais; aproximarse a diferentes épocas históricas a través do aproveitamento que as civilizacións fixeron da auga; ou abordar aspectos científicos como os fenómenos atmosféricos ou as prediccións meteorolóxicas. Todo partindo da ollada prestada de artistas como David Hockney, Gerhard Richter, John Constable ou Chema Madoz, no que será unha aproximación á arte clásica e contemporánea.

As **Visitas didácticas á exposición Auga Doce** están dirixidas a grupos educativos desde Educación Infantil ata Bacharelato, con posibilidade de desenvolver contidos específicos para grupos de Educación Especial, Ciclos Formativos, Universidade e Aulas de Adultos.

Reserva a túa visita en visitasdidacticas@cidadedacultura.org
+ info: www.cidadedacultura.org

Xiada



EDUCACIÓN INFANTIL

'Xiada' e o ciclo da auga

'Xiada' é unha divertida pinga de auga doce que nos acompañará pola exposición seguindo o ciclo da auga. Ata chegar a converterse nunha nube, a nosa amiga percorrerá os ríos máis importantes do mundo, será a protagonista de fermosas obras de arte e unha auténtica estrela de cine. Nesta trepidante aventura descubriremos os seus diferentes estados e a súa importancia para a vida das persoas, animais e plantas. Concluiremos a visita realizando os seguintes obradoiros:

- Colorea a Xiada no ciclo da auga (3-4 anos)
- Realiza un títere de pau de Xiada (5-6 anos)

Os sons da auga doce

Como soa a auga doce? Ríos, regatos, chubascos e nubes. Descubrimos na visita os diferentes sons da auga na natureza e a súa representación, rematando cun divertido obradoiro de identificación auditiva que supón un verdadeiro reto para o oído dos alumnos.

‘Xiada’ e o ciclo da auga

‘Xiada’ é unha divertida pinga de auga doce que nos acompañará pola exposición seguindo o ciclo da auga. Ata chegar a converterse nunha nube, a nosa amiga percorrerá os ríos máis importantes do mundo, será a protagonista de fermosas obras de arte e unha auténtica estrela de cine. Nesta trepidante aventura descubriremos os seus diferentes estados e a súa importancia para a vida das persoas, animais e plantas.

Concluiremos a visita co obradoiro ‘Realiza un títere de Pau de Xiada’

Os sons da auga doce

Como soa a auga doce? Ríos, regatos, chubascos e nubes. Descubrimos na visita os diferentes sons da auga na natureza e a súa representación, rematando cun divertido taller de identificación auditiva que supón un verdadeiro reto para o oído dos alumnos.

A senda da auga

‘A senda da auga’ é unha aventura interactiva na que cada escolar poderá escoller o seu propio destino. Usando o vídeo como ferramenta máis achegada aos novos medios, os escolares poderán trazar o rumbo da aventura tomando as súas propias decisións. Ana Celia Vázquez, a cara visible de O Tempo da TVG, será a encargada de guiar aos alumnos nunha visita de contido tanto ecolóxico como antropolóxico.

Pintamos a auga

A representación da auga doce por medios plásticos pode resultar complexa. Desde o debuxo e a cor faremos unha achega ao aspecto da auga nos seus diferentes estados. Despois da visita á exposición Auga Doce exploraremos as diferentes posibilidades de representación coa axuda de plantillas e patróns para colorear.

A senda da auga

‘A senda da auga’ é unha aventura interactiva na que cada escolar poderá escoller o seu propio destino. Usando o vídeo como ferramenta máis achegada aos novos medios, os escolares poderán trazar o rumbo da aventura tomando as súas propias decisións. Ana Celia Vázquez, a cara visible de O Tempo da TVG, será a encargada de guiar aos alumnos nunha visita de contido tanto ecolóxico como antropolóxico.



EDUCACIÓN PRIMARIA

ACTIVIDADES PARA O TERCEIRO CICLO:

Un continente de auga

Convidamos aos grupos educativos a viaxar por Europa e os seus ríos sen saír do Museo CentroGaiás. Con diferentes xogos de busca activa de información, os nenos e nenas deberán situarse nun sorprendente mapa xigante e resolver de xeito autónomo as preguntas propostas.

Como canta a auga?

A música ofrece moitas maneiras diferentes de representar a auga soamente con sons. Neste obradoiro musical escoitaremos as músicas da tormenta, cantaremos coma os ríos e bailaremos baixo a choiva, descubriendo que coa música tamén se poden representar as paisaxes da auga.

Pintamos a auga

A representación da auga doce por medios plásticos pode resultar complexa. Desde o debuxo e a cor faremos unha achega ao aspecto da auga nos seus diferentes estados. Despois da visita á exposición Auga Doce exploraremos as diferentes posibilidades de representación coa axuda de plantillas e patróns para colorear.

A senda da auga

'A senda da auga' é unha aventura interactiva na que cada escolar poderá escoller o seu propio destino. Usando o vídeo como ferramenta máis achegada aos novos medios, os escolares poderán trazar o rumbo da aventura tomando as súas propias decisións. Ana Celia Vázquez, a cara visible de O Tempo da TVG, será a encargada de guiar aos alumnos nunha visita de contido tanto ecolóxico como antropolóxico.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tanto para o Primeiro como para o Segundo ciclo da ESO, ofrécense dúas actividades:

Música acuática. Taller de educación musical

Tras unha visita preparatoria pola exposición, percorrерemos diferentes épocas e estilos da historia da música a través dunha escoita comentada de pezas que representan diferentes estados da auga, ilustrado con obras de arte presentes na exposición.

A xeografía da auga: ciencia e medio

Actividade de profundización xeográfica que permite identificar no territorio europeo as concas fluviais galegas, españolas e europeas máis importantes a través das súas paisaxes representadas na exposición. A visita adaptada complementase cun taller de busca autónoma de información que deberá ser despois identificada no noso mapa xigante.

A auga na arte

A auga é incolora, inodora e insípida. É unha substancia que pode presentarse en diferentes estados e baixo moi diferentes apariencias. Por este motivo, a súa representación visual constitúe un dos grandes retos artísticos para todas as culturas. A través dun percorrido histórico pola exposición Auga Doce comentaremos as múltiples solucións diferentes a este problema de representación na arte (debuxo, pintura, escultura, fotografía e cine).

BACHARELATO

A auga na arte

A auga é incolora, inodora e insípida. É unha substancia que pode presentarse en diferentes estados e baixo moi diferentes apariencias. Por este motivo, a súa representación visual constitúe un dos grandes retos artísticos para todas as culturas. A través dun percorrido histórico pola exposición Auga Doce comentaremos as múltiples solucións diferentes a este problema de representación na arte (debuxo, pintura, escultura, fotografía e cine).

Auga: medio e ciencia

Auga Doce preséntalle ao público unha variada mostra de aparatos científicos históricos que serviron nos últimos séculos para comprender a natureza da auga. Na visita analizaremos a importancia da auga desde o punto de vista científico e técnico, así como os retos que formula o seu coñecemento.

Non nos esqueceremos na visita da problemática dos millóns de personas no mundo que non teñen un acceso suficiente á auga doce. A través desta visita tamén analizaremos o papel da auga nas diferentes culturas do planeta e examinaremos os retos do futuro en canto á súa xestión, analizando o problema global do estrés hídrico.

Información Práctica

25 Mar-12 Set

De martes a xoves. 11:00, 12:30, 16:00 e 17:30

Museo Centro Gaiás

Grupos de 50 alumnos máximo

Duración: 90 minutos, aproximadamente

A actividade é de balde previa cita a través de visitasdidacticas@ciudadedacultura.org.

No correo de reserva deberá indicarse:

- Centro e nivel educativo
- Número de alumnos
- Persoa responsable do grupo
- Teléfono de contacto
- Data da visita
- Horario e actividade escollida
- Observación ou necesidade especial do grupo

* Os turnos de visita serán asignados segundo dispoñibilidade e por estricta orde de recepción, remitíndolle ao centro unha confirmación da reserva.



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

COA COLABORACIÓN DE:

